



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2017/42	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	11 de setembro de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 19:04 ata as 19:26 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁN XELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

### Expediente 4614/2017. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 4614/2017.- A E. A. P., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Doctor Corbal, nº 16-3°C-Vigo, conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para demolición de almacén e hórreo sitos en Estrada de Vilanova, nº 49-O Hífo, segundo o proxecto elaborado pola arquitecto Alberto Ubeira Ricón, visado en data 23.06.2017 e vistos os informes de xustificación de antigüidade do hórreo de data agosto de 2017 e o informe do arquitecto municipal de data 31.08.2017, condicionado a que deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. A liquidación provisional practicouse por dous mil setecentos sete euros (2.707,00 €).

### Expediente 4827/2017. Corrección acordo concesión licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 4827/2017.- Detectado un erro na redacción do acordo tomado na Xunta de Goberno Local realizado en data 14/08/2017, relativo ao expediente nº 4827/2017 no que se concede licenza para construción de vivenda, na redacción deste faise mención á “referencia catastral XXX”, cando en realidade debe dicir: “referencia catastral XXX...”.

Ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, RESOLVO rectificar dito acordo quedando da seguinte maneira:

\* Outorgar a M. N. G. G., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Colonia Ciudad dos Periodistas, nº 3-3ºA-28034-Madrid, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 94,37 m<sup>2</sup>., de semisoto, 92,50 m<sup>2</sup>., de planta baixa, 79,00 m<sup>2</sup>., de primeiro andar e 60,39 m<sup>2</sup>., de terrazas, en Santa Marta-Darbo, segundo o proxecto básico elaborado polo arquitecto Ricardo Salgado Salgado, de data xullo de 2017. A licenza outórgase condicionada á presentación do proxecto de execución visado polo colexio oficial correspondente, oficio co nomeamento do director de obra e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza e cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto a obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo. O presuposto de execución material ascende a cento cincuenta e tres mil trescentos oitenta e cinco con oitenta e dous céntimos (153.385,82 €) practicándose a liquidación provisional por importe de cento setenta e sete mil trescentos setenta e seis euros con sesenta e un céntimos (177.376,61 €).

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizada en acta de comparecencia

Concello de Cangas



**Concello de Cangas**

de 10 de agosto de 2017 por unha superficie de 9,75 m<sup>2</sup>., e fianza para respostar das obras de urbanización depositada en Abanca por importe de trescentos noventa e dous céntimos con setenta céntimos (392,70 €).

**Expediente 4808/2017. Modificación licenza de parcelación urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4808/2017.- Visto o expediente de solicitude de modificación de licenza de parcelación urbanística que promove R. M. B. e outrostramitada no expediente nº 25.365 e autorizada por licenza nº 24.235, toda vez que a medición da parcela inicial dá como resultado unha superficie superior á inicialmente indicada no proxecto de parcelación autorizada, aportando un proxecto elaborado polo arquitecto técnico Humberto Guimeráns Gallego en data xullo de 2017 e indicando que a superficie real da parcela inicial ten 3.156 m<sup>2</sup>.

Visto a solicitude de modificación da licenza de parcelación urbanística, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Modificar a parcelación autorizada no expediente nº 25.365, licenza nº 24.235, visto o escrito de data 14 de xullo de 2017 presentado polos interesados no que aportan certificado de superficie da parcela inicial elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco Díaz Juncal, quedando esta autorizada segundo o proxecto elaborado polo arquitecto técnico Humberto Guimerans Gallego en data xullo de 2017, resultando as seguintes parcelas netas: parcela A de 2.448,56 m<sup>2</sup>., que conta con tres edificacións sobre rasante dedicada a vivendas e que se atopan fóra de ordenación e a parcela B de 646,96 m<sup>2</sup>. As superficies de cesión son 25,44 m<sup>2</sup>., correspondentes á parcela A e 35,04 m<sup>2</sup>., correspondentes á parcela B.

SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obriga da cesión libre de cargas dos terreos situados fóra aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 60,48 m<sup>2</sup>. De non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efecto.

**Expediente 5610/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5610/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por E. T. S., con enderezo a efectos de notificacións na rúa Piñeiro, nº 56-Darbo, para reparación de cerramento de parcela sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a novecentos vinte euros (920,00 €).

**Expediente 5288/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Concello de Cangas**



Concello de Cangas

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 5288/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. G. G., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Seixo, nº 3-3°C-Darbo, para apertura e colocación de portal de entrada a predio sita en rúa da Canexa-Cunchido, de conformidade coa documentación presentada en agosto de 2017. O presuposto de execución material ascende a mil douscentos euros (1.200,00 €).</p>	

<b>Expediente 5564/2017. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 5564/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. M. R. O., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Andurique, nº 33A-5ºA-Poio, para cambio de fiestras en vivenda sita en rúa O Tobal, nº 39B-Darbo, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil setecentos trinta e sete euros con un céntimo (3.737,01 €).</p>	

<b>Expediente 4610/2017. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 4610/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. D. G., con enderezo a efectos de notificacións en rúa O Tobal, nº 10-Darbo, para colocación de dúas columnas de acceso á parcela sita na Serra de Poente-Darbo, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a seiscentos euros (600,00 €). Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizada en acta de comparecencia de data 7 de agosto de 2017 por unha superficie de 4,00 m<sup>2</sup>.</p>	

<b>Expediente 1908/2017. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 1908/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. V. S., con enderezo a efectos de notificacións no lugar da Rocha, nº 21-San Pedro para cerramento e apertura de oco para portal peatonal en parcela sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a douscentos corenta e cinco euros con oitenta céntimos (245,80 €).</p>	

<b>Expediente 273/2017. Infracción urbanística (10/2017-273/2017) NIEVES LORENZO BLANCO</b>
---------------------------------------------------------------------------------------------

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Nerga-O Hífo, consistentes en: reforma e ampliación de edificación dedicada a vivenda unifamiliar. Resultando que, con data 31 de agosto do 2017 a inspección municipal de obras emite o seguinte informe:</p> <p><i>“Vista a comunicación previa nº 3785/2017 para legalización de reparacións exteriores (revestimentos, pintado e cerramento de terraza) a nome de N. L. B., considero que as obras realizadas e obxecto de este expediente de reposición da legalidade urbanística nº 273/2017, se axustan a ela e quedan legalizadas”.</i></p> <p>Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados N. L.B., promotora.</p> <p>Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.</p> <p>Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.</p> <p>Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.</p> <p>Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local acorda:</p> <p><b>PRIMEIRO.-</b> Incoar expediente sancionador a N. L. B., por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; e forma e ampliación de edificación dedicada a vivenda unifamiliar no lugar de Nerga.</p> <p><b>SEGUNDO.-</b> Nomear como órgano instrutora do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.</p> <p><b>TERCEIRO.-</b> O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.</p>	



CUARTO.- Indicar á interesada o dereito que lle concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que ten dereito a unha redución do 90% da sanción por repoñer por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.-. Comunicar á instrutora a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución á interesada indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estime convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir á interesada que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo á interesada, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente.

#### Expediente 4596/2017. Resolución becas 2017-2018

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dase conta da proposta de Xoán Carlos Chillón Iglesias, Concelleiro de Ensino e Deportes do Concello de Cangas sobre aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar, curso 2017/2018.

A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar destinado a alumnos/alumnas de educación infantil (segunda etapa) e de educación primaria dos CEIP Nazaret, CEIP O Hío, CEIP Espiñeira e CEIP A Rúa, para o curso 2017-2018.

Nº REXISTRO	APELIDOS, NOME SOLICITANTE	APELIDOS, NOME USUARIO/A COMEDOR	CENTRO DOCENTE CEIP PRAZA // DIAS	BONIFICACION	IMPORT E AXUDA PROPOSTA	RESOLUCION	MOTIVO
8.709	S. O., J.	P. S., A.S.	NAZARET	0%	0,0 €	DENEGADA	SUPERA INGRESOS
		P. S., C. C.					
		P. S., J.					
8.710	P. P., A.	B.P., I.	NAZARET L-M-Me-X	0%	0,0 €	DENEGADA	SUPERA INGRESOS



Concello de Cangas

8.751	F.O., A.	N.F., H.	NAZARET	0%	0,0 €	DENEGADA	SUPERA INGRESOS
		N.F., I.	FIXA				
8.801	V. B. F. J.	V.Y., A. L.	O HIO FIXA	85%	490,88 €	CONCEDIDA	
9.003	B. G., C.	G. B., D.	ARÚA M-Me-X-V	85%	389,90 €	CONCEDIDA	
9.033	R. R., E.L.	V. R., A.	NAZARET FIXA	85%	490,88 €	CONCEDIDA	
9.041	P. G., S.	M. P., N.	ARÚA FIXA	0 %	0,0 €	DENEGADA	SUPERA INGRESOS
9.221	M. M., E.	G. M., D.	ARÚA FIXA	85%	981,75 €	CONCEDIDA	
		G. M., I.					
9.229	R. DA S., L.	V. R., L.	NAZARET FIXA	100%	1.155,00 €	CONCEDIDA	
		G. R., A.					
9.243	P.M., S.	M.P., C.	ESPIÑEIRA FIXA	100%	577,50 €	CONCEDIDA	
9.296	V. C. N, I. L.	V. C.N, I. K.	NAZARET FIXA	100%	577,50 €	CONCEDIDA	
9.298	V. E., R. A.	C.V., F.	NAZARET FIXA	0%	0,0 €	DENEGADA	SUPERA INGRESOS
9.306	Q. P., R.A.	A.Q., M. S.	NAZARET FIXA	100%	577,50 €	CONCEDIDA	
9.347	K., M.	C.K., J.	NAZARET FIXA	100%	1.155,00 €	CONCEDIDA	
		T. K., P.					
9.375	B. C., L.	P. B., M. X.	NAZARET FIXA	100%	577,50 €	CONCEDIDA	
9.408	M.A., A.	M.P., C.	ARÚA	0%		DENEGADA	SUPERA INGRESOS

Concello de Cangas



Concello de Cangas

		M.P., A.	FIXA		0,0 €		
9.423	S. V., R.	V. S., I. O.	NAZARET FIXA	100%	577,50 €	CONCEDIDA	
9.571	M.S., Mª T.	F.M., X.	O HIO FIXA	85%	490,88 €	CONCEDIDA	
9.587	A., I.A.	A., F. I.	NAZARET FIXA	100%	577,50 €	CONCEDIDA	
9.590	V. M., Mª F.	S. V., E. N.	NAZARET FIXA	100%	577,50 €	CONCEDIDA	
9.594	D. G., A.	C. D., A.	NAZARET FIXA	100%	577,50 €	CONCEDIDA	
9.599	J. S., L.	B. J., A.	O HIO FIXA	0%	0,0 €	DENEGADA	SUPERA INGRESOS
9.607	O., D.	O.R., D.	NAZARET FIXA	100%	577,50 €	CONCEDIDA	
9.650	B.P., A.	D. P., D.	NAZARET FIXA	100%	1.732,50 €	CONCEDIDA	
		B. P., S.					
		B. P., C.					
9.653	G. G., Mª C.	H. ., T.	NAZARET FIXA	100%	577,50 €	CONCEDIDA	
9.672	A.V., R. M.	A. V., C.S.	NAZARET FIXA	85%	490,88 €	CONCEDIDA	
9.700	P. P., E.	F. P., N. V.	NAZARET FIXA	100%	1.155,00 €	CONCEDIDA	
		F. P., S. C.					
9.721	F. G., C.	G. F., A.	O HIO FIXA	100%	577,50 €	CONCEDIDA	
9.742	M. F., M.	M. M., S.	O HIO FIXA	0%	0,0 €	DENEGADA	NON ACHEGOU A DOCUMENTACIÓN
		S.M., M.					
9.750	A.P., C.	A.T., M. A.	ESPIÑEIRA FIXA	85%	490,88 €	CONCEDIDA	

Concello de Cangas





Concello de Cangas

9.800	N.A., L.	M.N., M. A.	NAZARET FIXA	100%	577,50 €	CONCEDIDA
-------	----------	-------------	-----------------	------	----------	-----------

Número de axudas con proposta de concesión: 24 solicitudes (31 menores).

Contía total do programa de axudas de comedor escolar: dezasete mil cento oito euros con cincuenta e dous céntimos (17.108,52 €), correspondendo a:

- Meses de setembro a novembro de 2017: cinco mil cincocentos setenta e un euros con setenta e dous céntimos (5.571,72 €).
- Meses de decembro 2017 a xuño de 2018: once mil cincocentos trinta e seis euros con oitenta céntimos (11.536,80 €).

### **Expediente 370/2017. C-17/11 Aprobación da acta da mesa de contratación e requirimento de documentación**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Expediente: C-17/11\_370/2017

Contrato: Servizo de mantemento de equipos e redes informáticas

Asunto: Aprobación da acta da mesa de contratación e requirimento de documentación

Visto o expediente tramitado para a adxudicación do contrato de servizo de mantemento de redes e equipos informáticos e examinadas as actas da mesa de contratación das súas reunións realizadas os días 19 de xullo, 9 e 23 de agosto, así como, os informes emitidos polo xefe de Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación Provincial, Juan Gabriel Fernández García de la Rocha de datas 8 e 10 de agosto relativos á avaliación das ofertas.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as actas da mesa de contratación e a clasificación das ofertas presentadas, que é a seguinte:

- 1ª.- EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS SL.....85,30 puntos
- 2ª.- CONTA LOCAL SL.....72,96 puntos

Segundo.- Requirir á empresa “EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS SL”, como licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que, de conformidade coa cláusula 17ª do PCAP que rexe esta licitación, no prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación acreditativa da posesión e validez dos documentos esixidos no apartado primeiro do artigo 146 do TRLCSP, así como, a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do do TRLCSP e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

**Expediente 4792/2017. Devolución de aval Ruth Pérez Coya e Andrés Carrasco Pampillón**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza depositada por R. P. C. e A. C. P., por importe de trescentos euros (300,00 €), no expediente nº 24.764, licenza de obras nº 23.767.

Segundo.- Notificar este acordo aos interesados.

**Expediente 4296/2017. Convenio vivendas baleiras 2017 (IGVS). Rectificación das bases (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o seguinte:

Rectificación das bases do censo de vivendas baleiras tal como se recolle:

*“Artigo 2.- Renda taxada*

*O prezo da renda do aluguer das vivendas incorporadas ao Programa de Vivendas Baleiras non poderá ser superior á trescentos corenta e cinco euros (345,00 €).*

*En todo caso, sen superar o importe antes sinalado, poderase adecuar a renda máxima en función da superficie das vivendas incorporadas. Para estes efectos e con carácter meramente orientativo, indícase o seguinte criterio para establecer un prezo por metro cadrado de vivenda:*

- Establécese unha superficie máxima computable das vivendas de 90,00 metros cadrados.*
- Entenderase que dito prezo máximo inclúe os anexos, rocho e garaxe, que xunto a vivenda sexan obxecto do contrato de arrendamento.*
- Deste xeito, o prezo máximo orientativo por metro cadrado destas vivendas será de tres euros con oitenta e tres céntimos (3,83 €), sempre que a vivenda dispoña de rocho e garaxe. En caso contrario, poderase minorar este prezo máximo nun 8% cando careza de garaxe e nun 2% cando careza de rocho.*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



- Para fixar o importe da renda de cada vivenda, tamén se poderá ter en conta os prezos medios de mercado da zona onde este situada a vivenda, ou outras características de singular valor, sempre que non supere o prezo máximo de renda establecido para o termo municipal.
- Prezo máximo de renda por vivenda:

Renda máxima	superficie tipo	Prezo máximo/m2 (orientativo)
345€	90m2	3,83€

- En todo caso o prezo da renda concreta de cada vivenda determinarase no informe municipal da inspección técnica.”

**Expediente 5394/2017. Autorización para instalación de espectáculo itinerante “Evolution Circus” (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar a instalación do espectáculo “EVOLUTION CIRCUS” durante os días 15, 16, 17 de setembro de 2017, no aparcamento de Rodeira sito no Paseo Marítimo de Rodeira, sempre e cando se complete a documentación requirida o pasado 30.08.2017 e se conceda a licenza de instalación preceptiva, de conformidade co establecido no artigo 42 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia e se aboe a liquidación correspondente por ocupación de terreo público.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo ao interesado, así como ás concellerías de Urbanismo, Obras e Servizos e aos departamentos municipais de Taxas, Policía Local e resto de dependencias municipais que procedan.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos



**Concello de Cangas**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850